
CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	5
<i>Prácticas remuneradas</i>	5
<i>Emprego</i>	6
<i>Financiamento</i>	7
Participación dos cidadáns	9
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	9
Actos xurídicos	10
<i>Actos lexislativos</i>	10
<i>Outros actos</i>	10
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	11
Procesos por infracción contra España	13
Estatísticas do Eurostat	14
<i>Indicadores económicos</i>	14
<i>Outros datos</i>	14
Publicacións do Tribunal de Contas da UE	16
Sondaxes do Eurobarómetro	17
Suxestións bibliográficas	18
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	18
<i>Outras obras</i>	19
Actividades do CEDE	20

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido.

ACTUALIDADE

Estratexia de defensa

A presidenta da Comisión Europea, a conservadora alemá Ursula von der Leyen, presentou unha nova [estratexia de defensa](#) que fornece instrumentos financeiros aos estados membros da UE para impulsar o investimento en capacidades de defensa paneuropeas. Por un lado, Von der Leyen enviou unha carta ao Consello Europeo, integrado polos xefes de estado e de goberno dos estados membros, propondo o plano ReArmar Europa/Preparación 2030. Este conxunto de propostas céntrase na forma de utilizar todas as pancas financeiras dispoñibles para axudar os estados membros a aumentaren de maneira rápida e significativa o gasto en capacidades de defensa a curto e a longo prazo, até máis de 800.000 millóns de euros. Por outro lado, a Comisión e a alta representante da UE para as Relacións Externas e a Política Externa e de Seguranza Común, a estoniana Kaja Kallas, presentaron un Libro Branco sobre a Defensa Europea – Preparación 2030, que describe unha nova abordaxe á defensa e identifica as necesidades de investimento. • O Consello Europeo acolleu con satisfacción as propostas da Comisión e pediu suavizar as normas aplicables á industria do armamento nos estados membros.

Comunicado de prensa sobre a estratexia de defensa e o plano ReArmar Europa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Comunicado de prensa sobre o libro branco [no sitio da Comisión](#).

Comunicado de prensa sobre a reacción dos estados membros [no sitio do Consello](#).

Máis información sobre a estratexia de defensa proposto [no *Le Monde*](#) (en francés) e [no *EuroEFE*](#).

Máis información sobre a petición de desregulación da industria do armamento [no *Politico*](#) (en inglés).

Estratexia de Preparación contra ameazas e crises

A Comisión e a alta representante da UE para as Relacións Externas e a Política Externa e de Seguranza Común, a estoniana Kaja Kallas, lanzaron a Estratexia de Preparación da UE para axudar os estados membros e reforzaren a capacidade para previr e responder ás ameazas emerxentes. Das crecentes tensións e conflitos xeopolíticos, as ameazas híbridas e de ciberseguranza, a manipulación de información e a interferencia por axentes estranxeiros, até as alteracións climáticas e o aumento das catástrofes naturais, a UE debe estar preparada, segundo a estratexia presentada, para protexer os seus cidadáns e as principais funcións sociais que son cruciais para a democracia e a vida cotiá.

Comunicado de prensa sobre a estratexia [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no *The Guardian*](#) (en inglés) e [no *Euractiv*](#).

Guerra comercial cos EUA

A vicepresidenta executiva da Comisión, a socialdemócrata española Teresa Ribera, afirmou que o executivo comunitario, para asegurarse de responder «en consecuencia», vai analizar con «precisión» as tarifas alfandegarias de 25 % contra o sector automobilístico global que o goberno dos EUA aplicará a partir de 2 de abril. Pola súa vez, a presidenta da Comisión, a conservadora alemá Ursula von der Leyen, declarou que estas tarifas «son impostos» e que son «máis para as empre-

sas» e «peores para os consumidores». Von der Leyen asegurou tamén que «a UE continuará a procurar solucións negociadas» á situación. • Antes, en resposta á imposición de novas tarifas estadounidenses ás importacións de aceiro e aluminio procedentes da UE, a Comisión preparara contramedidas rápidas e proporcionadas (alén das que xa existían) sobre as importacións estadounidenses á UE. En primeiro lugar, a Comisión permitirá que a suspensión das actuais contramedidas de 2018 e 2020 contra os EUA expire no 1 de abril. En segundo lugar, en resposta ás novas tarifas estadounidenses, a Comisión presentará un paquete de novas contramedidas sobre as exportacións estadounidenses. Estas medidas están previstas para mediados de abril; no entanto, o executivo comunitario continúa a procurar unha saída negociada tamén neste dominio.

Máis información sobre as declaracións de Ribera e de Von der Leyen [no *Político*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE*](#).

Comunicado de prensa sobre as contramedidas da UE relativas ao aceiro e o aluminio [no sitio da Comisión](#).

Máis información sobre as contramedidas da UE [no *The Guardian*](#) (en inglés), [no *EuroEFE*](#) e [no *Euractiv*](#).

Apoio á industria do automóbil

A presidenta da Comisión, Ursula von der Leyen, propuxo flexibilizar os prazos, de tres anos en lugar de cada ano, para que a industria automobilística dos estados membros cumpra as normas comunitarias de redución de CO₂. A mudanza proposta apoiárase «na banca e o empréstito». Esta medida forma parte dun novo Plano de Acción para o sector do automóbil impulsado pola Comisión • Dentro dese mesmo plano, a Comisión anunciou tamén que se destinarán 1.800 millóns de euros para crear unha cadea de abastecemento de materias primas para baterías que sexa segura e competitiva, o que axudará a promover o crecemento da industria automobilística dos estados membros.

Comunicado de prensa sobre a proposta de flexibilizar as normas [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información sobre a proposta [no *The Guardian*](#) (en inglés) e [no *Euractiv*](#).

Comunicado de prensa sobre o plano de acción [no sitio da Comisión](#).

Máis información sobre o plano de acción [no *EuroEFE*](#).

Apoio á industria siderúrxica

A Comisión Europea endureceu as medidas de protección do aceiro para protexer a industria siderúrxica da UE contra o aumento das importacións, cumprindo así o Plano de Acción sobre o Aceiro e os Metais presentado no mesmo día que a nova estratexia de defensa da UE . Estas mudanzas prodúcense nun momento de exceso de capacidade mundial, de crecemento das importacións procedentes da China, do aumento das tarifas comerciais en mercados chave como o dos EUA, e do desexo de fortalecer a industria armamentística dos estados membros.

Comunicado de prensa sobre as medidas de protección [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Comunicado de prensa sobre o plano de acción [no sitio da Comisión](#).

Máis información sobre o plano de acción [no *Político*](#) (en inglés) e [no *Euractiv*](#).

Investimento no sector dixital

A Comisión vai destinar 1.300 millóns de euros para a implementación de tecnoloxías críticas que son estratéxicamente importantes para o futuro da UE e para a soberanía tecnolóxica do bloque a través do programa de traballo do Programa Europa Dixital (DIXITAL) para 2025 a 2027. O programa de traballo céntrase na implementación da Intelixencia Artificial (IA) e na súa adopción polas empresas e pola administración pública, a nube e os datos, a resiliencia cibernética e as competencias dixitais.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Proxectos estratéxicos de materias primas

A Comisión adoptou, por primeira vez, unha lista de 47 proxectos estratéxicos para impulsar as capacidades de materias primas estratéxicas dos estados membros, o que, pola súa vez, debería reforzar a cadea de valor das materias primas comunitarias e diversificar as fontes de abastecemento. Os novos proxectos estratéxicos representan un marco importante na implementación do Regulamento das Materias Primas Críticas, que aspira a garantir que en 2020 a extracción, o procesamento e a reciclaxe das materias primas estratéxicas na UE satisfagan, respectivamente, 10 %, 40 % e 25 % da demanda da UE. • Entre eses 47 proxectos estratéxicos, a Comisión seleccionou sete proxectos mineiros en España para a extracción, o procesamento e a reciclaxe de materias primas, os cales se beneficiarán dun mellor financiamento e dun licenciamento máis rápido. Os proxectos españois, que xa están en marcha en Extremadura, Andalucía, Castela-La Mancha e Galicia, céntranse na minaría de litio, tungsteno, níquel e cobre.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información sobre os proxectos mineiros españois [no EuroEFE](#).

Investigación sobre a Huawei

O Parlamento Europeo e a Comisión Europea bloquearon o acceso da empresa tecnolóxica chinesa Huawei ás instalacións da UE, e os despachos dos comisarios e das autoridades que traballan nas direccións-xerais do executivo da UE recibiron instrucións para «suspender inmediatamente os contactos e reunións» coa Huawei «até novas ordes». As medidas responden á investigación aberta pola fiscalía belga sobre a «corrupción activa» que beneficiaría a empresa chinesa no Parlamento Europeo. A Huawei está entre os maiores investidores en lobistas en Bruxelas.

Máis información [no Politico](#) e [no The Guardian](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no Euractiv](#).

Taxas de xuro na eurozona

O Consello do Banco Central Europeo (BCE) decidiu reducir as tres taxas de xuro oficiais do BCE en 25 puntos base. En particular, a decisión de reducir a taxa de xuro aplicable á facilidade permanente de depósito — a taxa a través da cal o Consello do BCE define a orientación da política monetaria — baséase na avaliación actualizada sobre as perspectivas de inflación, da dinámica da inflación subxacente e da forza da transmisión da política monetaria. Ao mesmo tempo, a presidenta do BCE, a francesa Christine Lagarde, advertiu que o aumento do gasto en defensa e infraestruturas pode incrementar non só o crecemento senón tamén a inflación na eurozona.

Comunicado de prensa [no sitio do BCE](#).

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés) e [no EuroEFE](#).

Simplificación das regras de sustentabilidade corporativa

Os estados membros acordaron atrasar a aplicación de dúas directivas en materia de sustentabilidade corporativa co fin de negociar a simplificación das súas exixencias e a redución do número de empresas que deben cumprilas. A proposta, pactada entre os embaixadores dos estados na UE, forma parte da chamada lei «ómnibus» presentada pola Comisión o mes pasado co obxectivo de aliviar as cargas regulatorias para as empresas.

Máis información [no EuroEFE](#).

Axuda para Siria

A UE acolleu a novena Conferencia de Bruxelas «Solidariedade con Siria: Atendendo as necesidades para unha transición exitosa». A UE reafirmou o seu apoio a unha transición inclusiva e pacífica, dirixida por Siria e so a súa responsabilidade. A presidenta da Comisión, Ursula von der Leyen, anunciou que a UE comprometeu case 2.500 millóns de euros en 2025 e 2026 para axudar o proceso de transición de Siria e a recuperación socioeconómica do país, abordando ao mesmo tempo as necesidades humanitarias urxentes, tanto en Siria como nas comunidades de acollemento de Xordania, o Líbano, Iraq e Turquía.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Loita contra a desnutrición global

A Comisión anunciou un novo compromiso de 3.400 millóns de euros até 2027 para combater a desnutrición a nivel mundial. Este compromiso baséase nos esforzos en curso da UE para reducir todas as formas de malnutrición e impulsar o progreso nas intervencións relacionadas coa nutrición en todo o mundo. O investimento da UE centrarase na África subsahariana. Dirixirase ás crianzas menores de cinco anos e ás mais novas grávidas e lactantes que padecen desnutrición aguda grave.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Axudas españolas para o almacenamento de enerxía

A Comisión aprobou un programa español de 699 millóns de euros para apoiar investimentos en instalacións de almacenamento de enerxía e promover así a transición para unha economía con cero emisións. O programa contribúe a atinxir as prioridades da Comisión para 2024-2029, conforme descrito nas [orientacións políticas](#), que exixen investimentos en enerxía e tecnoloxías limpas.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Tribunal de Xustiza da UE](#). Prazo até 15 de abril.
- [Axencia da UE para o Programa Espacial \(EUSPA\)](#). Prazo até 30 de abril.
- [Tribunal de Contas Europeo](#). Prazo de 1 de abril até 31 de maio.
- [Axencia Europea para a Seguraza da Aviación \(EASA\)](#). Prazo até 31 de decembro.

Emprego

Procesos de selección para funcionarios permanentes

- [Procesos de selección da EPSO para funcionarios permanentes en institucións, organismos e axencias da UE](#). Prazo até 10 de abril.

Procesos de selección para outros empregos

- [Procesos de selección da EPSO para contratos temporais na Comisión](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para contratos temporais en diferentes institucións e organismos da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para contratos temporais en axencias da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para outros contratos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión \(*Joint Research Centre, JRC*\)](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Prazo até 7 de abril.

Financiamento

Investigación e innovación

- [Horizonte Europa. Premios de recoñecemento 2025](#). Prazo até 1 de abril.
- [BOOST](#). Prazo até 8 de abril.
- [Iniciativa Deep Tech Talent do IET](#). Prazo até 8 de abril.
- [CoARA Boost](#). Prazo até 21 de abril
- [Convocatoria europea de parceiros Bauhaus 2025](#). Prazo até 22 de abril.
- [AUTOASSESS](#). Prazo até 24 de abril.
- [RDA TIGER Cascade Grant](#). Prazo até 28 de abril.
- [Deseño de chips](#). Prazo até 29 de abril.
- [Up2Circ](#). Prazo até 1 de maio.
- [Desenvolvemento tecnolóxico de sistemas derivados do Maglev](#). Prazo até 7 de maio.
- [Convocatoria aberta JARVIS #1](#). Prazo até 5 de maio.
- [Convocatoria aberta LivingSoiLL](#). Prazo até 5 de maio.
- [Nova Academia da Bauhaus Europea](#). Prazo até 5 de maio.
- [Acceso Rápido ao Mercado do IET](#). Prazo até 6 de maio.
- [Proxectos e servizos de ciencia aberta](#). Prazo até 14 de maio.
- [Demostradores industriais das tecnoloxías SOPRANO](#). Prazo até 14 de maio.
- [Mulleres Emprendedoras Convocatoria #1](#). Prazo até 15 de maio.
- [Colaboración Internacional en Factorías de IA](#). Prazo até 4 de xuño.
- [Premios Capital Europea da Innovación](#). Prazo até 18 de xuño.
- [InnoNext](#). Prazo até 1 de agosto.

Acción externa

- [Economía circular inclusiva en Vietnam](#). Prazo até 8 de abril.
- [Loita contra a corrupción en Honduras](#). Prazo até 11 de abril.
- [Sistema estatístico nacional palestino](#). Prazo até 25 de abril.
- [Defensa Civil Palestina](#). Prazo até 2 de maio.
- [Protección do ambiente na África Central](#). Prazo até 6 de maio.
- [Comercio UE-Arentina nos sectores verde e dixital](#). Prazo até 30 de maio.

- Cooperación con cidadáns e mozos da UE no Reino Unido. Prazo até 17 de xuño.
- Organizacións da sociedade civil na Moldova 2025. Prazo até 5 de maio.

Educación, deporte e xuventude

- PIANOFORTE 2025. Prazo até 30 de abril.
- Cooperación sociedade civil no ámbito da educación e la formación. Prazo até 27 de maio.
- Formación en interpretación de conferencias. Prazo até 7 de maio.

Sociedade dixital

- Competencias en deseño de chips en Europa. Prazo até 20 de maio.
- Educación especializada en cibersegurança e robótica. Prazo até 15 de xuño.
- Educación avanzada para a computación na nube. Prazo até 15 de xuño.
- EMotion Artificial Intelligence for Europe. Prazo até 15 de xuño.

Saúde e alimentación

- Vixilancia da gripe aviar en aves silvestres en Europa. Prazo até 22 de maio.
- Avaliación do risco dos pesticidas. Prazo até 22 de maio.

Emprego e asuntos sociais

- Axudas a sindicatos do sector agroalimentario para a representación na UE. Prazo até 3 de abril.
- Estructuras de apoio á man de obra migrante. Prazo até 27 de maio.
- Redes activas no ámbito da economía social. Prazo até 19 de xuño.

Cidadáns

- Promoción dos valores da UE. Prazo até 28 de maio.
- Promover o estado de dereito e a democracia participativa. Prazo até 12 de xuño.
- Protexer e promover os dereitos humanos, a democracia e a igualdade. Prazo até 12 de xuño.

Mercado único e concorrência

- Contribucións financeiras a Organismos RAD. Prazo até 27 de agosto.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Consultas públicas aos cidadáns

Concorrenia

- Regulamento de exención por categorías no sector dos vehículos de motor: **Avaliación**. Prazo até 23 de maio.

Transportes

- Mecanismo «Conectar Europa» 2021-2027: **Avaliación intermedia**. Prazo até 28 de maio.
- Mecanismo «Conectar Europa» 2014-2020: **Avaliación**. Prazo até 28 de maio.

Mercado único

- Garantir a calidade dos datos resultantes dos ensaios químicos: **Avaliación das directivas sobre as boas prácticas de laboratorio**. Prazo até 6 de xuño.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2025/327 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de febreiro de 2025, relativo ao Espazo Europeo de Datos de Saúde. (Texto pertinente para efectos do EEE.)

Outros actos

- LIBRO BRANCO CONXUNTO sobre a defensa europea – Preparación 2030.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Plano de acción europeo para o aceiro e os metais.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Folla de ruta sobre os dereitos da muller.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Plano de Acción Industrial para o Sector Europeo do Automóbil.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Plano de Acción para unha Enerxía Accesible – Explotar o verdadeiro valor da nosa Unión da Enerxía para garantir unha enerxía accesible, eficiente e limpa para todos os europeos.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Pacto por unha Industria Limpa: Unha folla de ruta conxunta para a competitividade e a descarbonización.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS sobre o Plano de Acción para as Competencias Básicas.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS A Unión de Competencias.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Plano Estratégico para o Ensino das CTIM: Competencias para a competitividade e a innovación.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Principios de dereito comunitario

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-247/23](#), resolveu, sobre o [RXP](#) e a identidade trans, que a rectificación de datos relativos á identidade de xénero non pode estar suxeita á proba de someterse a unha cirurxía.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-203/22](#), resolveu, sobre a avaliación crediticia automatizada, que o interesado ten dereito a que se lle explique como se tomou a decisión que o afecta. A explicación que se lle facilite debe permitirlle comprender e impugnar a decisión automatizada.

[Resumo da sentenza.](#)

Dereito institucional

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-647/21](#) e [C-648/21](#), resolveu, sobre a independencia xudicial, que a decisión de afastar un xuíz dos seus asuntos debe basearse en criterios obxectivos e precisos. Debe tamén ser motivada para excluír que houbese arbitrariedade ou que se trate dunha sanción disciplinaria encuberta.

[Resumo da sentenza.](#)

Aproximación das lexislacións

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-517/23](#), resolveu que os estados membros poden autorizar accións publicitarias para a compra de medicamentos indeterminados suxeitos a receita médica levadas a cabo mediante descontos dun montante exacto sobre prezos e pagamentos. Por outro lado, os estados membros poden prohibir accións publicitarias para a compra deste tipo de medicamentos cando estas ofreceren vales para a compra posterior de medicamentos non suxeitos a receita médica ou de produtos de saúde e de beleza.

[Resumo da sentenza.](#)

Libre prestación de servizos

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-674/23](#), resolveu, sobre os servizos de intermediación inmobiliaria, que o dereito da UE non se opón a que se limite a comisión das axencias inmobiliarias a 4 % do prezo de venda ou arrendamento. No entanto, esa medida debe ser proporcionada en relación cos obxectivos lexítimos que persegue.

[Resumo da sentenza.](#)

Consumidores

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-365/23](#), resolveu que pode ser abusiva unha cláusula contractual que obriga un mozo deportista a pagar parte dos seus ingresos no caso de se tornar un deportista profesional. O xuíz do estado debe avaliar o carácter abusivo desa cláu-

sula tendo en conta, nomeadamente, a súa clareza e comprensibilidade sobre as consecuencias económicas do compromiso.

[Resumo da sentenza.](#)

Transportes

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-20/24](#), resolveu, sobre os dereitos dos pasaxeiros aéreos, que un cartón de embarque pode bastar para demostrar unha reserva confirmada nun voo. O pagamento por un terceiro do prezo dunha viaxe combinada que inclúa un voo non exclúe o dereito a compensación en caso de grande atraso dun voo.

[Resumo da sentenza.](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Enerxía

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España por non traspasar integralmente para o seu dereito algunhas das disposicións da [Directiva UE/2024/1711](#), adoptada o ano pasado. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Sociedade dixital

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España por non traspasar integralmente a [Directiva DORA \(Directiva \(UE\) 2022/2556\)](#). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Fiscalidade

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2021)4042] por non adaptar as súas regras en materia de retención na orixe aos pagamentos de canons recibidos por contribuíntes non residentes á liberdade de prestación de servizos ([artigo 56.º do TFUE](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

A Comisión Europea decidiu levar España [INFR(2021)4035] perante o TXUE por non corrixir unha infracción relacionada coa libre circulación de capitais ([artigo 63.º do TFUE](#)) debido ao tratamento fiscal discriminatorio dos contribuíntes non residentes. Para máis información, pódese consultar o [comunicado de prensa](#) correspondente.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Producción na construción.
- Custos laborais na eurozona.
- Inflación anual na eurozona.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Oferta de emprego na eurozona.
- Producción industrial.
- Producción de servizos.
- PIB e emprego na eurozona.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Desemprego na eurozona.

Outros datos

- Datos chave da UE no mundo.
- Comercio de aluminio.
- Cancros profesionais.
- Escaseza de auga.
- Principais causas de morte.
- Importacións de enerxía.
- Exportacións de bulbos de flores.
- Novas peticións de asilo.
- Estatísticas chave.
- Producción de enerxía de fontes renovables.
- Empresas culturais.
- Datos chave sobre a enerxía.
- Consumo de enerxía por sectores.

- Esperanza de vida.
- Taxa de emprego.
- Fluxos do mercado de traballo.
- Prezos agrícolas.
- Discapacidade e uso habitual da internet.
- Comercio de ferro e aceiro.
- Problemas coas compras en liña.
- Comercio de mercadorías cos EUA.
- Protección temporal.
- Mudanzas previstas na cría de animais.
- Mulleres nos gobernos e parlamentos dos estados.
- Producción mercantil total.
- Taxa de fertilidade.
- Persoas que precisan exames ou tratamentos médicos.
- Mulleres con cargos de xestión.
- Uso de enerxía renovable para a calefacción e a refrixeración.
- Pernoitas turísticas.
- Comercio coa China.
- Mulleres en estudos de posgrao.
- Emprego no sector ambiental.
- Exportacións de servizos.
- Concesións da cidadanía.
- Empresas que venden en liña.
- Persoas empregadas con salario baixo.

PUBLICACIÓNS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 06/2025: Accións da UE contra a polución mariña causada por navíos.
- Relatorio Especial 07/2025: Fondo Europeo para Investimentos Estratéxicos.
- Relatorio Especial 08/2025: Fraude do IVA nas importacións.
- Relatorio especial 09/2025: Sistemas para garantir a conformidade do gasto do FRR coas normas sobre contratación pública e axudas estatais.
- Relatorio Especial 10/2025: Reformas do mercado laboral nos planos nacionais de recuperación e resiliencia.
- Opinión 01/2025 concerninte á proposta por que se modifica o Regulamento financeiro aplicable ao orzamento das Escolas Europeas.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Desafíos e prioridades da UE: A opinión dos mozos da UE

61 % dos mozos da UE é optimista sobre o futuro da UE e 60 % cre que a UE ten un impacto positivo na sociedade. Os principais puntos fortes da UE, segundo os mozos consultados, son a liberdade de circulación (32 %) e as sólidas relacións e a solidariedade entre os estados membros (28 %). Os mozos europeos asocian formar parte da UE principalmente coa liberdade de viaxar e explorar outros países (39 %) e o acceso a programas e axudas financiados pola UE (30 %).

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Inquérito de inverno 2025 do Parlamento Europeo

O inquérito mostra que os cidadáns da UE teñen grandes expectativas postas na UE na súa función de protección contra os desafíos globais e os riscos para a seguranza. Unha gran maioría procura unha UE que os protexa centrándose na seguranza, a defensa e a economía. Existe un amplo consenso en que os estados membros deben estar máis unidos para encarar os desafíos globais actuais e en que a UE necesita máis medios para encarar os desafíos futuros. As persoas consultadas tamén son cada vez máis conscientes dos beneficios que comporta a pertenza á UE e conceden un papel máis importante ao Parlamento Europeo. O impacto da inflación e o aumento do custo da vida son unha preocupación importante, e unha porcentaxe significativa de cidadáns prevé que o seu nivel de vida diminuirá nos próximos anos.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Alonso García, Ricardo, e Juan Ignacio Ugartemendia Eceizabarrena, eds. 2024. *El juez nacional y los derechos fundamentales europeos*. Oñati: Instituto Vasco de Administración Pública.

Este libro ofrece aos estudantes unha análise sucinta mais rigorosa dos aspectos fundamentais do tema, ao mesmo tempo que os dota das ferramentas necesarias para profundar nel. As súas figuras e táboas aclaran ideas e procesos complexos, xuntamente cunha guía con análise de sentenzas coidadosamente estruturadas que ofrecen un valioso apoio práctico.

Sánchez de Pazos Peigneux, Carlos. 2024. *El principio de primacía en el control de constitucionalidad de los tratados de «Nueva Generación»*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

A proliferación dos chamados Tratados de «Nova Xeración», categoría específica de Acordos de Libre Comercio subscritos pola UE e os seus estados membros con terceiros estados, presenta desafíos para o ordenamento constitucional dos estados europeos. Alén do seu crecente número, tanto a ambición do seu espectro regulatorio como a súa condición de «acordos vivos» impiden excluír a eventual aparición de antinomias entre estes formidables instrumentos do dereito comunitario e as constitucións dos estados. Partindo desta posibilidade, e após analizar a natureza destes tratados e do principio de primacía no dereito comparado e interno, este libro tenta ofrecer respostas ao principal interrogante que expón o referido escenario «de laboratorio». Nomeadamente, se no actual estado de cousas a primacía do dereito da UE constitúe un límite imposible de traspasar para a supremacía constitucional — e, por tanto, tamén para o control de constitucionalidade destes tratados e o seu dereito derivado — ou se existe, en determinados «casos límite», a posibilidade de exceptuar a vertente supraconstitucional deste principio comunitario para garantir, en último termo, o respecto do «Dereito TTNG» á normatividade da constitución española.

Schulze, Reiner, e Dirk Staudenmayer, eds. 2025. *EU Digital Law: Article-by-Article Commentary*. 2.^a ed. Baden-Baden: Nomos.

O comentario ofrecido nesta obra contén unha análise exhaustiva, artigo por artigo, das disposicións fundamentais relativas á subministración de contidos dixitais: desde as obrigacións de información precontractual e os dereitos de cancelación até a conformidade e a portabilidade dos contidos dixitais. Os autores son especialistas xurídicos de toda a UE. Os seus comentarios non só ofrecen explicacións detalladas do contexto e a finalidade das disposicións para facilitar a súa interpretación; tamén indican posibles dificultades e solucións para facilitar a transposición e implementación das normas sobre a subministración de contido dixital.

Outras obras

Georgakakis, Didier. 2024. *The Changing Topography of EU Administration*. Cham: Springer Nature Switzerland. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-64695-9>.

Este libro examina as formas como as estruturas administrativas da UE mudaron na última década en resposta a varios acontecementos políticos significativos, incluíndo o *brexit*, a crise dos refuxiados e a pandemia da Covid-19. Aínda que se teña escrito moito sobre as respostas a estes acontecementos, tanto a nivel estatal como comunitario, menos atención ten sido dada ás transformacións internas que provocaron nas institucións da UE. Cunha abordaxe multidisciplinar, o libro reúne especialistas académicos de renome para avaliar as formas como institucións importantes como o Consello Europeo, o Parlamento Europeo e o Banco Central Europeo mudaron nos últimos dez anos. Esclarece tamén o impacto que estes acontecementos tiveron nos axentes políticos dentro do sistema administrativo da UE e nos seus procesos políticos.

Curtin, Deirdre, Tanja Ehnert, Anna Morandini, e Sarah Tas, eds. 2025. *The European Ombudsman Investigated: From Old Battles to New Challenges*. Londres: Hart Publishing. <http://dx.doi.org/10.5040/9781509975631>. (Dispoñible en PDF de acceso aberto.)

Este libro é un estudo fundamental sobre o *Ombudsman* (valedor do pobo) da UE, centrado nos desafíos actuais e os desenvolvementos futuros. Este volume de acceso aberto traza a evolución do *Ombudsman* da UE ao longo das súas case tres décadas iniciais. No entanto, céntrase nos desafíos actuais e as perspectivas futuras desta figura da UE. Reúne voces destacadas do mundo académico, as institucións da UE, a sociedade civil e a oficina do *Ombudsman*. Destaca os avances e o potencial futuro en diversos campos destacados, desde a infraestrutura de datos e as plataformas dixitais, pasando pola protección ambiental e as axencias de protección de fronteiras, até as portas xiratorias e o lobi da industria. A amplitude dos estudos e a profundidade da experiencia da colección tórnanos unha lectura obrigada para os especialistas académicos do dereito da UE, tanto dunha perspectiva constitucional como do dereito do consumidor.

Rugge, Giacomo. 2025. *Trilogues: The Democratic Secret of European Legislation*. Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/9781009445238>.

Os acontecementos dos últimos dez anos abalaron o «consenso permisivo» que durante moitos anos mantivo o proceso de integración comunitaria en curso. A «democracia de resultados», baseada en decisións que supostamente serven as necesidades dos cidadáns, xa non é suficiente para obter apoio público. Este libro pretende abordar esta mudanza, fornecendo un relato do proceso legislativo comunitario que sexa menos convencional e que faga xustiza ao potencial democrático inherente aos trílogos. En particular, este libro proporciona unha reconstrución detallada do funcionamento dos trílogos, con base en documentos internos recollidos a través dunha serie de peticións de acceso a documentos; dá sentido á noción xurídica de informalidade, entendida como unha das características máis definidoras, aínda que elusivas, dos trílogos; concilia a práctica dos trílogos coa orde democrática comunitaria dos tratados, mostrando que tal práctica é compatíbel cun modelo de «democracia de negociación».

ACTIVIDADES DO CEDE

Palestra sobre emprego e prácticas na UE

O CEDE contou coa presenza dun antigo alumno da USC, Eloy Aragunde Pérez, que actualmente traballa na Comisión Europea (Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural) e que pasou pola facultade de dereito para facer unha presentación sobre as oportunidades de emprego e prácticas nas institucións, os organismos e as axencias da UE. A actividade enmarcouse dentro da iniciativa «Back to University» da Comisión. Entre o público asistente houbo numerosos estudantes do grao de dereito e do mestrado en estudos internacionais da USC.

